



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 10/2020

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE.

En Ordes, a catro de novembro de dous mil vinte.

De conformidade co establecido no art. 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) o Pleno reúnese a distancia por medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Esta presente na sesión D. Javier Siro Suárez Rodríguez, interventor municipal.

Os membros participantes acreditan estar en territorio español.

1. APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Expediente de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio económico 2021 [Modificación da Ordenanza fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre bens inmoables, artigo 11 (tipo impositivo)].



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Visto o informe favorable da intervención municipal.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 30/10/2020.

Visto o voto particular (art. 97.4 R.D. 2568/1986, de 28 de novembro e art. 44.4 ROM) formulado polo Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que se transcribe a continuación:

“Modificación do artigo 11 (tipo impositivo), que quedará redactado como segue:

De conformidade e en aplicación do previsto no artigo 74 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os tipos de gravame serán os seguintes:

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,45%.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,45%”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que pasa a explicar o contido do seu voto particular, que sinala que a modificación dos tipos aplicables aos bens de natureza urbana e rústica ao 0,45 % suporía que a recadación de IBI rústica sería de 269.000 euros, mentres que a recadación da proposta da Alcaldía sería de 287.000 euros, o que suporía diminuír a recadación prevista para o ano 2020 en 18.000 euros. No tocante ao IBI urbana a aplicación do tipo do 0,45 % suporía unha recadación estimada de 1.999.000 euros, o que suporía 133.000 euros menos que cun tipo de gravame do 0,48 %. En total a recadación de IBI rústica e urbana diminuíría 151.000 euros. Con respecto ao ano 2016 se se mantén a proposta do goberno sería unha suba entornao ao 20 % ao longo de todos estes anos. Mentres que a aplicación dun tipo de gravame do 0,45 % suporía unha suba do 13,70 %. Entende que son 255.000 euros máis que no ano 2016. Non ten que supoñer ningún risco a efectos financeiros do concello máis se cabe se se presume que están as contas saneadas, de que hai cinco millóns de euros nos bancos. Entende que é un ano aplicable, que lle pode baixar o recibo da contribución aos veciños, nuns casos cinco, noutros vinte, noutros trinta euros. Para persoas con salarios elevados baixarlle vinte euros no recibo da contribución igual non supón nada, para unha persoa que está cobrando unha pensión da agraria de escasos seiscentos euros pode suporlle a compra da semana. Por estes motivos e polo que presentaron na Comisión Informativa Permanente este voto particular.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo en que se rebaixen os tipos de gravame, entenden como máis favorables os tipos propostos no voto particular polo BNG, sempre que non se poña en perigo a estabilidade e sustentabilidade económica do concello. Con respecto ao rústico habida conta da situación da pandemia entenden que habería que tela en conta e rebaixar o tipo de gravame o máximo posible, 0,45 % ou baixar máis.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo co voto particular de rebaixar os tipos impositivos de IBI rústica e urbana ao 0,45 %. Creen que é necesario ante a situación que están vivindo, é verdade que moitas familias agradecerán esa baixa. Como dicía o Sr. Vidal Ríos hai salarios altos e menos altos, o momento de axudar é agora.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que si formulan este voto particular é porque dende o ano 2016 ata o ano 2021 resulta que subiu o recibo da contribución un 20 % , considera que na situación na que estamos debe facerse unha aposta por unha rebaixa con respecto aos anos anteriores. Consideran máis acaído rebaixar ao 0,45 % que ao 0,48% que practicamente non reduce nada. Rebaixar ao 0,45 % vai a supor unha ameaza para as arcas municipais, vai a ser unha rebaixa na recadación de 155.000 euros fronte ao que propón o goberno, entende que non. 150.000 euros sobre un orzamento de dez millóns de euros. Supón que como avanzou no pleno anterior a Xunta incrementará a partida dos investimentos locais. Non debería supor gran cousa. Que como di o informe de intervención é previsible que haxa unha menor recadación pola prestación de determinados servizos que habitualmente veñen recadando máis ou menos para non ser deficitarios, que serán deficitarios para o ano 2021, de acordo. Pero ao mellor no ano 2021 non é o momento de meter dous millóns e pico de euros en obras. Haberá que priorizar noutro tipo de actuacións. A proposta de tipos de gravame do BNG sube a recadación estimada do IBI en 256.000 euros con respecto ao que había no 2016 non debería supor ningún problema. Por iso presentan este voto particular, e así o defenden. A rebaixa que se lle propón considera que é insuficiente para a situación que estamos a vivir agora.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que reitera o que manifestaron antes. Entenden que debe rebaixarse máis habida conta da situación de pandemia. Por que non é moi significativo o cambio que se vai a facer. Como manifestou o Sr. Alcalde as arcas están saneadas. É unha maneira de axudar á cidadanía cunha rebaixa maior que a que se vai a aplicar.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo co que dixeron o BNG e o PSOE. Xa se manifestaron cando a aprobación dos orzamentos que a distribución dos recursos non era boa para a situación que estábamos a vivir. Se as arcas están saneadas e se lle pode botar unha man a unha familia. Dar unha axuda a todas esas familias que o van a precisar, tanto este ano como o seguinte rebaixando este imposto ao 0,45 % o ven ben.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a contestar ao que están plantexando. É moi fácil opinar e dar datos especialmente cando se está na oposición. Convén aclarar que a día de hoxe as contas están saneadas. Iso non é gracias a UxO, nin ao binomio UxO-PSOE, período 2007-2011 que foron os que afundiron a economía deste concello. Gracias a un cambio de goberno en xullo de 2015 e aos veciños que apostaron a este cambio se reverteu esa situación da economía local. Non poden esquecer que os que subiron o tipo de gravame do IBI dende o 0,48 % ao 0,61 % - 0,70 % foi a xente de UxO , para que agora se veña aquí a dar leccións de como se teñen que administrar as contas públicas e o que significa subir impostos. Esa si que era unha época complicada de crise económica a nivel nacional e a todos e cada un dos niveis. Foron momentos moi duros e se deixou unha débeda a provedores de máis de tres millóns de euros. Compre recordar que cando chegaron aquí o 03/07/2015 atoparon máis de seiscentos mil euros de facturas no caixón que non había con que pagar, non había crédito dispoñible nos orzamentos, para que agora o Sr. Iglesias Vieites sexa capaz de dar leccións de como se teñen que xestionar e elaborar uns orzamentos municipais, e sobre todo cando non ten ningún tipo de coñecemento de como se teñen que desenvolver e dende logo moito menos cuantificar. Cando faga unha crítica dos orzamentos municipais é importante que diga onde hai que meter os gastos. Ao final os orzamentos son un equilibrio entre ingresos e gastos. É moi fácil criticar de onde saen os ingresos e que a distribución é mala. Aporte unha distribución distinta. So se dedica a facer demagogia barata. Non aporta nada. Failles perder o tempo a este goberno e todos e cada un dos ordenses. Non aporta ningunha solución nin para a pandemia, nin para a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

xestión municipal. Contestarlle ao PSOE que claro que afecta á economía municipal. Claro que hai a día de hoxe máis de cinco millóns de euros nas contas municipais. Fai falta ter esa solvencia, ter esa capacidade de manobra para atender as necesidades das diferentes administracións públicas. Sabe os cartos que a día de hoxe lles debe a Deputación Provincial que temos que adiantar nos, pero tamén a Xunta de Galicia e tamén o Estado. Son cartos que teñen que adiantar e que non saben cando os van a recuperar para cantidade de actuacións que están comprometidas, que se fixeron xeración de créditos con fondos propios municipais que garantizan que eses contratistas e eses servizos se poidan pagar mes a mes e ano a ano. E despois están pendentes seis, nove meses ou un ano para que as administracións que comprometeron ese diñeiro nolo fagan chegar. Onde está o 50% do POS+ adicional comprometido xa no mes de novembro do ano 2019. Onde están todas e cada unha desas inversións. Gustaríalle que alguén llo explique cando teña a ocasión. Nin este concello, nin dos noventa e tres concellos da provincia de A Coruña tivo ningunha nova ao respecto pese a ter preguntado en múltiples ocasións. Onde está o diñeiro de todas e cada unha das baixas temerarias que se produciron nas adxudicacións dende o ano 2017 e sucesivos. Ninguén coñece cando as vai a facer chegar a este concello a pesar de que son cartos dos veciños de Ordes, que para nada están dispostos a que acaben nas arcas de outros concellos. O que teñen que facer é mover aos técnicos e que eses cartos se poñan a disposición da veciñanza. Se os entregan aos concellos teñen moi claro o que teñen que facer con eles. No ano 2015 colleron un tipo do IBI que estaba no 0,60 %, nesta ano 2020 está no 0,50 %, no ano 2021 estará no 0,48 %. Do 0,60 % ao 0,48 % esa si é unha rebaixa efectiva para os veciños de Ordes do 20% na recadación municipal. Non a demagogia barata que o BNG trata de facer chegar aos veciños para confundilos. É o que está a tratar de facer, enlamar o que por suposto descoñece. Está claro que se fixo unha regularización nos anos 2016 e 2017, máis de seiscentos inmobles foron dados de alta, moitos que estaban sen regularizar dende o ano 1994, moitos que nin tan sequera estaban dados de alta e eran outros veciños os que pagaban impostos. Eses inmobles estaban a beneficiarse co diñeiro dos impostos dos que pagaban. Iso non é xusto, por iso sempre defendeu a regularización, por moito de que se dediquen a lanzar panfletos de catastrazo. O que non lles serviu para nada na campaña electoral, nin con anterioridade. Vista a situación o máis normal e que se analice a realidade. Se nos esquecemos da regularización catastral o valor catastral onde subiu foi pola mesma en sesenta millóns de euros nos anos 2016 e 2017 que foron efectivos no ano 2018. Ten que analizar os estados da liquidación orzamentaria de todos estes exercicios. No ano 2015 a recadación foi de 1,87 millóns de euros. No 2016 1,81 millóns de euros, no 2017 1,88 millóns de euros. Estas son as cifras coas que lles interesa xogar. A partir do ano 2016 empezaron a traballar unha vez que entrou en vigor a regularización. No ano 2018 a recadación sen regularización cos mesmos recibos e contribuíntes sería de 1,80 millóns de euros, no ano 2019 1,84 millóns de euros, no ano 2020 1,86 millóns de euros e no ano 2021 será de 1,84 euros. Esa é a realidade e toda a diferenza que hai é polos recibos novos que se incorporaron. Deixe de confundir de que se subiu un 20% os recibos dos veciños, por que é falso, conseguiron conterse pola rebaixa do tipo impositivo dun 20% a pesar de que a base liquidable foi subindo ano a ano. Hai unha diferenza por un cambio de valor catastral no ano 2017 de 60 millóns de euros, que se está a introducir na base liquidable ano a ano ata o 2023. Onde están os números non fai falta opinar por que esa é realidade. Descoñece como funciona a base liquidable e o procedemento de regularización catastral. Se se analiza un recibo medio do ano 2016 é de 171 euros, no ano 2020 coa incorporación de todas as regularizacións catastrais é de 197 euros. No ano 2021 vai a baixar un euro, vostede propón que se rebaixe en 13 euros. 12 euros de media en todo o cómputo dun exercicio económico. A totalidade da base liquidable de rústica é a mesma desde o ano 2017, non hai ningún tipo de alteración. Comete un erro de fondo moi grande na súa moción, non pode pretender presentar unha moción ao pleno cando aínda se estaba a espera de que se publicase o acordo do Consello de Ministros do 16 de outubro. Por que o que houbera ocorrido sen ese acordo que o PEF houbera seguido estando vixente e non sería posible esta proposta de rebaixa de tipos impositivos. Agora hai unhas medidas fiscais que entraron en vigor a partir do día 20. O goberno xa tiña preparados os números e traballado co



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

interventor para cando fose oportunos facer a rebaixa impositiva para conxelar a recadación municipal. Na proposta de acordo da moción dicíase para tratar no pleno ordinario de novembro de 2020 o que non permitiría que entrase en vigor o 1 de xaneiro de 2021. Descoñece a tramitación da modificación das ordenanzas fiscais. O concello de Ordes vai a apostar por medidas con sentidiño, de xeito que poidamos atender con solvencia os servizos básicos presentes e futuros, así como a capacidade de inversión con fondos propios e a cofinanciación de liñas de subvencións procedentes de outras administracións. En contraposición con anterior xestionar os cartos de todos. O BNG enreda falando dunha baixa notable do IBI, 12 euros anos no recibo medio, despois apoia aos seus socios en Madrid, rupturistas, antisistema, independentistas na suba do imposto ao diésel que vai a afectar aos petos dos veciños todas as semanas en cantidades moi relevantes. Fronte a iso os concelleiros do BNG de Ordes calan, así nos vai. Catro mil millóns de euros en impostos e taxas ás rendas medias e baixas. Faga as contas para corenta e sete millóns de españois e aplíquelles despois a 12.7000 veciños de Ordes. Esas son as políticas do BNG. Os orzamentos xerais do estado de 2021 que se plantexan son os peores para Galicia no que a investimentos se refire nos derradeiros quince anos. Os números non son opinables. Tampouco son opinables os números da evolución do valor catastral, da base liquidable, do tipo do IBI e da recadación a nivel municipal. Non podemos entrar a cuestionar o rigor de como se xestiona o diñeiro deste concello. Esta moi ben que haxa fondos nas arcas públicas municipais. Se non hai ingresos nun exercicio económico puntual hai que facer incorporacións de crédito conforme á lexislación vixente. Descoñecen en base a que están feitas esas incorporacións de crédito e en base a que se poden facer. O feito de que teñamos cartos na tesourería para poder atender as necesidades e demandas dos veciños coa cofinanciación de moitas actuacións, non quere dicir que poidamos coller eses cartos e metelos nun exercicio económico concreto e dicir que un orzamento de nove millóns de euros se convirte en catorce. Isto non funciona así, cada exercicio económico xestionase de maneira separada. E tense que liquidar de maneira separada. Analicen o que están a dicir. A evolución real do IBI é unha rebaixa do tipo do 20 % en cinco anos. Temos que ter moito coidado como di o interventor co que vai pasar coas participacións nos tributos do estado. Tampouco se sabe que vai a pasar coas participacións do que adebeda a Deputación Provincial. Agarda que o Fondo de Compensación Local cumpra as expectativas a nivel dos orzamentos da Xunta de Galicia que prevee un incremento para todos os concellos de Galicia en proporción ao seu número de habitantes. Non podemos aceptar o voto particular por que si que pode condicionar a estabilidade municipal, tirar para abaixo os ingresos. O tipo do IBI de urbana sempre vai a estar limitado por lei no 0,40 % e o de rústica no 0,30 %. O máis importante e que teñamos unha estabilidade para poder facer fronte ás cifras que mostran un déficit importante en moitos servizos básicos municipais que se deixamos de pagar o 1 de xaneiro de 2021 no lo estarían botando en cara. Non van a aceptar o que veñen a pregoar aquí que é unha baixada de impostos e achacarllo a que se fagan menos obras. Para o señor Vidal Ríos 255.000 euros non supoñen nada, pero é que esta cantidade posta nun plan de financiación ao 1,10 % con participación 90-10 ou 80-20 poden supoñer a súa multiplicación por ata dous millóns de euros en investimentos directos para os veciños de Ordes. Van a seguir traballando na liña de defensa do que é mellor para os nosos veciños. Ninguén lle subiu o recibo da contribución un 20 % nestes anos. Aumentou a recadación por que se incorporaron bens que non pagaban. Parece mentira que sendo nacionalista estea disposto a defender a aqueles que non pagaban no termo municipal. Iso non é xusto nin equitativo na distribución da riqueza de ninguén. Á inmensa maioría dos veciños o recibo mantívose conxelado, cunha pequena fluctuación duns euros arriba e abaixo. Na rústica dado que se fixo unha rebaixa todos os anos a todos e cada un deles na base liquidable lle foi rebaixado o seu recibo da contribución. O que ten que analizar son os 2946 recibos de rústica e os 10.860 de urbana aceptados para os que propón unha rebaixa insignificante de un euro mes. Vai a apoiar en Madrid unha suba do imposto do diésel e veremos a ver que outras taxas e impostos nos teñen preparados que si que van a afectar aos bolsillos de todos e cada uns dos ordenses. O importante é que si os cartos se administran ben poden volver aos bolsillos dos veciños e dende logo a aqueles que teñan unhas maiores necesidades.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Sometido en primeiro lugar a votación o voto particular presentado polo Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría nove votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, desestimou o mesmo.

Sometido seguidamente a votación o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría nove votos a favor (grupo político PP), dous votos en contra (grupo político BNG), coas abstencións (3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da **Ordenanza fiscal nº 11, reguladora do imposto sobre bens inmobles (art. 11. Tipo impositivo)**, cuxo texto modificado figura na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACION DE ORDENANZA FISCAL Nº 7 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS E TABOADOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

Modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio económico 2021 [Modificación da Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboados con finalidade lucrativa (disposición adicional)].

Visto o informe favorable da intervención municipal.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 30/10/2020.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están totalmente de acordo tendo en conta a crise que está atravesando o sector hostaleiro, mostran a súa conformidade con esta medida.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coa modificación da ordenanza fiscal nº 7. É xusta e necesaria esta modificación. Se pode axudar o ven ben.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están de acordo con esta rebaixa, que vai a supor se se ten en conta a media do que se recadaba nos derradeiros anos por esta taxa, en torno a 6.000-7.000 euros, que se recade un pouco menos para axudar á hostalería. Non o ven mal, por iso van a apoiar este punto,

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da **Ordenanza fiscal nº 7, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboados con finalidade lucrativa (disposición adicional)**, cuxo texto modificado figura na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **quince** horas e **catorce** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO